



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ASINADO ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DE OURENSE PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO RENOVACIÓN DAS CARPINTERÍAS EXISTENTES DO BAIXO E TERCEIRO ANDAR DA CASA DO CONCELLO DE OURENSE .

1.-A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

2.- **Antecedentes:** O Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza atribúelle a este departamento, a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local atribuíndolle, entre outras, as competencias en materia de asistencia á administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Pola súa banda, os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que os municipios deberán prestar aos seus cidadáns os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

O Concello da Ourense expuxo a necesidade de executar o proxecto, que ten por obxecto a substitución das carpinterías existentes do baixo e terceiro andar da casa do concello para emendar os problemas de filtracións de auga.

3.- **Finalidade:** Para os efectos sinalados, con data de 4 de agosto de 2016 , asinouse co Concello de Ourense o instrumento convencional arriba referido con unha vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de outubro do 2016.

4.- O convenio ten por obxecto fixar as liñas de cooperación entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Ourense para a execución do proxecto denominado renovación das carpinterías existentes do baixo e terceiro andar da casa do Concello de Ourense.

5.- O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

Estas obras de substitución das carpinterías exteriores do edificio da casa do concello resultan imprescindibles e necesarias para o normal funcionamento da entidade local e a prestación dos servizos municipais. Coas actuacións que se pretende executar obterase un mellor aproveitamento da superficie existente, ao dotar o edificio dun mellor aproveitamento fundamental nunha nunha serie de espazos e áreas de traballo, habilitando espazos afectos a un servizo público con garantía de condicións de seguridade, tanto para os traballadores do concello como para a cidadanía usuaria do servizo. Así pois, este convenio de cooperación responde ao interese público e social que representa o fomento de todas aquelas actuacións que permitan potenciar e apoiar a prestación de servizos de calidade por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados .





Este contexto local insírese nun marco orzamentario fortemente restritivo que afectou todas as administracións públicas, sen que a administración local sexa unha excepción neste sentido. Deste marco deriva, entre outras consecuencias, as dificultades do Concello da Ourense para afrontar en solitario os compromisos económicos que a execución das actuacións obxecto de subvención representan para a facenda municipal.


6.- A Vicepresidencia e Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a cantidade de CINCUENTA MIL EUROS (50.000 €)) que se imputarán á aplicación orzamentaria 05.21.121A.760.0. (CP 2015 00088)

7.- Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

É canto se especifica, en cumprimento do establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na *Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno*, no relativo á publicidade e rexistro dos convenios.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2016

A secretaria xeral técnica



Beatriz Cuiña Barja



DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria Xustificativa do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Ourense para a execución do proxecto denominado renovación das carpinterías existentes do baixo e terceiro andar da Casa do Concello de Ourense*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 4 de agosto de 2016.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.

